

## **CIRCULAR Nº: 04/2026**

### **CICLO SUPERIOR TÉCNICO DEPORTIVO EN ATLETISMO**

#### **Centro de Formación Atletismo Galego**

Convocatoria da **TITULACIÓN OFICIAL DE TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN ATLETISMO** (Ensinanza deportiva oficial de réxime especial, nivel de grao superior de Formación Profesional) **DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA**

#### **ÍNDICE**

|                                                                                  |          |
|----------------------------------------------------------------------------------|----------|
| <b>1. ORGANIZACIÓN</b>                                                           | <b>2</b> |
| 1.1 Condicións para a realización do curso                                       | 2        |
| 1.2 Requisitos de acceso do alumnado                                             | 2        |
| <b>2. MATRICULACIÓN NO CURSO 2026/2027</b>                                       | <b>3</b> |
| 2.1 Formalizar matrícula (pagos e documentación)                                 | 3        |
| 2.2 Convalidacións de módulos                                                    | 3        |
| 2.3 Exención de módulos de formación práctica                                    | 4        |
| <b>3. DESENVOLVEMENTO DO CURSO</b>                                               | <b>4</b> |
| 3.1 Calendario Previsional                                                       | 4        |
| 3.2 Formación Telemática e Presencial                                            | 4        |
| 3.3 Formación práctica (200h)                                                    | 5        |
| 3.3.1 Requisitos de acceso á formación práctica                                  | 5        |
| 3.3.2 Temporalización e lugar do desenvolvemento do módulo de formación práctica | 5        |
| 3.3.3 Exención total ou parcial do módulo de formación práctica                  | 5-6      |

## **1. ORGANIZACIÓN**

O Centro de Ensino Atletismo Galego, autorizado pola Xunta de Galicia, convoca o **Ciclo Superior do curso de Técnico Deportivo Superior en Atletismo para o curso 2026/2027.**

### **1.1 Condicións para a realización do curso**

Número de prazas: Máximo de **30 prazas** por grupo.

O número de estudantes non poderá ser inferior a quince alumnos.

A ensinanza impartirase de modo telemático no 70% da súa carga lectiva.

O lugar de desenvolvemento da impartición do 30% presencial do curso será na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña (INEF Galicia) en Oleiros (A Coruña), e Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) en Pontevedra.

### **1.2 Requisitos de acceso do alumnado**

Ter superado o Ciclo Final (Nivel II) destes estudos, estar en posesión do título de Técnico Deportivo en Atletismo

Para acceder ao ciclo de grao superior en Atletismo será necesario ter, polo menos, algún dos seguintes títulos: título de bacharel, título universitario, certificado acreditativo de ter superado todas as materias do bacharelato, ou equivalente para os efectos de acceso.

Poderase acceder ás ensinanzas do ciclo de grao superior en Atletismo, sen os títulos que se fan constar no artigo 13.1, sempre que o/a aspirante posúa o título de técnico deportivo correspondente e, ademais, cumpra as condicións de idade e supere a proba correspondente conforme o artigo 31.1.b) do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro

No caso de que houbera estudantes doutras comunidades terán que abonar as taxas da Xunta de Galicia correspondente á apertura do expediente. Asemade, terán que entregar copia compulsada da titulación académica e do certificado de superación do Ciclo Inicial de técnico deportivo en atletismo.

**NOTA:** As persoas con algún tipo de discapacidade deberán certificalo no momento da súa inscrición, presentando o certificado de minusvalía ou recoñecemento de discapacidade.

## 2. MATRICULACIÓN NO CURSO 2026/2027

### 2.1 Documentación a remitir:

- Solicitud Matricula
- DNI ( 2 caras)
- Titulación académica
- Pago seguro escolar ( menores de idade)
- Autorización Uso Whatsapp
- Pago matricula CEAGA

### 2.2 Prezo total (Bloque Común, Bloque Especifico e Prácticas): 1300€.

Ábrese o prazo de inscrición ate o día el 12 de setembro de 2026

| CICLO SUPERIOR 2026 - 2027 |               |              |
|----------------------------|---------------|--------------|
| Concepto                   | Federados (1) | DGAN/UDC (2) |
| Matrícula: BC+BE           | 1300 €        | 1100 €       |

(1) Con licenza pola Federación Galega de Atletismo (FGA) nas tempadas 2024,2025,2026.

(2) Os deportistas DGAN/UDC terán desconto de 200€ na matricula.

### • Modalidades de pago:

- **Pago único (ata 15/09/2026) 1300€**
- **1º pago (ata o 15/09/2026) 600€**
- **2º pago ( ata o 15/10/2026) 400€**
- **3º pago (ata o 15/11/2026) 300€**

- Conta bancaria da FGA (ABANCA):

**ES82 2080 0068 7830 4001 9194**

Os xustificantes de pago e a documentación requirida deberá ser remitida a [ensino@atletismo.gal](mailto:ensino@atletismo.gal)

### 2.2. Convalidación de módulos

As convalidacións de módulos serán directamente xestionadas polos alumnos. Informarase dos pasos a seguir aos estudantes matriculados que soliciten ditas convalidacións

## **2.3. Exención de módulos de formación práctica**

A solicitude exención de módulos de formación práctica realizarase polo alumno a través da secretaría do centro previa matriculación do alumno.

## **3. DESENVOLVEMENTO DO CURSO**

A previsión de inicio será o venres 2 de Outubro de 2026. Comunicarase oficialmente tras o período de matrícula.

O total da carga horaria do ciclo final de TDA é de 795 horas. A distribución horaria do curso é a seguinte:

- Bloque común: 200 horas.
- Bloque específico presencial: 395 horas.
- Bloque de formación práctica: 200 horas.

### **3.1. Calendario provisional**

#### **Formación Telemática Bloque común**

Durante a formación a distancia haberá titorías presenciais, autoavaliación e un exame presencial de cada módulo. Os módulos a distancia son os seguintes:

- MED-C301: Factores fisiolóxicos do alto rendemento
- MED-C302: Factores psicosociais do alto rendemento
- MED-C303: Formación de formadores o formadoras deportivos/as
- MED-C304: Organización e xestión aplicada ao alto rendemento

#### **Bloque específico**

- MED-ATAT305: Planificación técnica e condicional en atletismo
- MED-ATAT306: Organización e xestión en atletismo
- MED-ATAT307: Proxecto (Outubro 2027)

#### **Formación presencial:**

As clases presenciais celebraranse entre os meses de Decembro (2026) e xullo (2027).

Os módulos presenciais son os seguintes:

- MED-ATAT301: Técnica e adestramento en velocidade, remudas e marcha
- MED-ATAT302: Técnica e adestramento en medio fondo, fondo e obstáculos
- MED-ATAT303: Técnica e adestramento en lanzamentos e probas combinadas
- MED-ATAT304: Técnica e adestramento en saltos

## Faltas de asistencia

Faltas de asistencia durante actividades presenciais (entre setembro de 2026 a xullo de 2027) pode determinar que o alumno non teña dereito á avaliación continua segundo a lexislación vixente. A información ao respecto facilitarase ao alumno ao inicio do curso.

### 3.2. Formación práctica (200h)

- MED-ATAT308: Formación práctica (Xullo e Agosto 2027)

#### 3.2.1. *Requisitos de acceso á formación práctica*

Para poder acceder ao módulo de formación práctica (MED-ATAT 308), será **imprescindible que o alumno teña superado os módulos:**

- MED-C301 Factores Fisiolóxicos do Alto Rendemento.
- MED-C302 Bases do adestramento deportivo
- MED-ATAT 301 Técnica e Adestramento en Velocidade.....
- MED-ATAT 302 Técnica e Adestramento en Medio Fondo...
- MED-ATAT 303 Técnica e Adestramento en lanzamentos e....
- MED-ATAT 304 Técnica e Adestramento de saltos.
- MED-ATAT 305 Planificación Técnica y Condicional en Atletismo.

#### 3.2.2. *Temporalización e lugar do desenvolvemento do módulo de formación práctica*

A formación práctica terá lugar durante os meses de Xuño, Xullo e Agosto de 2027 con flexibilidade para a súa realización.

#### 3.2.3. *Exención total ou parcial do módulo de formación práctica*

Poderá ser obxecto de exención total ou parcial do módulo de formación práctica do ciclo final, en función da súa correspondencia coa experiencia no ámbito deportivo ou laboral, detallado no seguinte cadro:

| MED-ATAT308<br>Formación<br>práctica | Experiencia ámbito laboral o deportivo                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|--------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Exención total<br>Exención parcial   | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Duración: superior a 400 horas</li> <li>• Actividade desenvolvida: experiencia relacionada coa competencia xeral do ciclo de grao superior en Atletismo e os resultados de aprendizaxe do módulo de formación práctica. Período de tempo que desenvolveu a actividade: dous anos anteriores á finalización do curso.</li> </ul> |

A exención parcial do módulo de Formación práctica concederáse para aqueles resultados de aprendizaxe do módulo que sexan concordantes coa experiencia laboral ou deportiva acreditada.

A exención total do módulo de Formación práctica poderase conceder cando exista unha completa concordancia da experiencia laboral ou deportiva acreditada coa totalidade dos resultados de aprendizaxe do correspondente módulo.

A Real Federación Española de Atletismo emitirá a correspondente certificación da experiencia deportiva en que conste a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade.

A experiencia laboral acreditarase mediante a certificación da empresa onde se adquirise a devandita experiencia, en que conste especificamente a duración do contrato, a actividade desenvolvida e o período de tempo en que se realizou a actividade. No caso de traballadores ou traballadoras por conta propia, exixirase a certificación de alta no censo de obrigados ou obrigadas tributarios/as, cunha antigüidade mínima dun ano, así como unha declaración da persoa interesada das actividades máis representativas.

Almudena Míguez Moreno

Secretaria Centro Ensino Atletismo Galego